



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO
MUNICIPAL DO DÍA 21 DE ABRIL DO 2006.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. José Álvarez Pereira
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretario, Acctal:

D. Pablo Antonio Álvarez Martínez

No salón de Sesiões da Casa do Concello de Lobios, sendo as 21,05 horas do día 21 de abril do 2006, reúnen-se, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extraordinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Non asiste o Sr. Concelleiro D. Francisco Veloso González, polo que estando convocada a Sesión para as 21,00 horas (nove da tarde), o Sr. Presidente concede un pequeno lapsus de tempo (5 minutos) para ver si se integra ó Plenario o citado Sr. Veloso González.

Estando presentes 10 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

Antes de pasar a considerar a orde do día o Sr. Alcalde fai mención ó seu decreto do día de hoxe, do que se fixo entrega dunha copia a cada un dos Srs.. Concelleiros presentes, dando conta de que viuse na obriga de habilitar para a celebración desta Sesión como Secretario accidental ó funcionario laboral de carácter administrativo D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, pola propia motivación que consta no decreto, e na súa virtude asiste como Secretario e da fe desta Sesión o citado Sr. Álvarez Martínez, do que a Corporación queda informada.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ÚNICO.- CONTA XERAL DOS ANOS 1997 E 1998.

O Sr. Alcalde da conta dos expedientes tramitados para a aprobación das contas Xerais dos anos 1997 e 1998, tramitación efectuada como consecuencia da esixencia formulada polo Consello de Contas de Galicia, e de conformidade co acordo deste Pleno acadado en Sesión do 7 de decembro do 2005.

A Conta do ano 1997 foi dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas con data 21 de xaneiro do presente ano 2006, sendo sometida a Conta e o dictame á preceptiva información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 43 do día 21 de febreiro do 2006.

A Conta do ano 1998 foi dictaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas con data 23 de febreiro do presente ano 2006, sendo sometida a Conta e o dictame á preceptiva información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 57 do día 10 de marzo do 2006.

En ámbolos dous casos, tal como consta nas pertinentes certificacións expedidas pola Secretaría do Concello que obran nos expedientes respectivos, durante os 15 días hábiles en que as Contas estiveron sometidas a información pública e oito días máis, non se presentaron reclamacións en contra das mesmas.

Polo tanto somete á consideración e votación do Plenario a aprobación das Contas Xerais dos Orzamentos Municipais dos anos 1997 e 1998, cos resúmenes seguintes:

Ano 1997:

d) Dereitos pendentes de cobro orzamentario	29.170.324 Pts.
e) Dereitos pendentes de cobro pechados	31.891.580 Pts.
h) Dereitos de difícil recadación	
i) Fondos líquidos en Tesourería	31.342.771 Pts.
f) Obrigacións pendentes de pago orzamento	27.685.996 Pts.
g) Obrigacións pendentes de pago pechados	27.280.624 Pts.
j) Saldo de operacións non orzamentarias:	1.444.176 Pts.
Remanente de Tesourería (d+e-h+i-f-g-j)	35.993.879 Pts.

Ano 1998

d) Dereitos pendentes de cobro orzamentario	1.381.295 Pts.
e) Dereitos pendentes de cobro pechados	32.932.120 Pts.
h) Dereitos de difícil recadación	



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

i) Fondos líquidos en Tesourería	28.822.494 Pts.
f) Obrigacións pendentes de pago orzamento	
g) Obrigacións pendentes de pago pechados	16.875.357 Pts.
j) Saldo de operacións non orzamentarias:	2.543.417 Pts.
Remanente de Tesourería (d+e-h+i-f-g-j)	43.717.135 Pts.

Feita esta exposición o Sr. Alcalde abre a rolda de intervencións, indicando o Sr. Álvarez Pereira que non tiñan nada que dicir xa que estaba todo dito no dictame das Comisións Informativas de facenda e Contas e en diversos escritos presentados polo Voceiro do Grupo.

O Sr. Fernández Simo reitera o que xa manifestou no seo da Comisión Informativa de Facenda e Contas en que se dictaminaron, pois trátase de aprobar unhas contas resultantes de unha contabilidade que foi formulada a posteriori, unha vez que o Consello de Contas esixiu a aprobación destas.

Aparte de que sen contar con fotocopias de determinados documentos para podelos estudar con comodidade e con máis tempo resulta imposible outorgar un voto sobre unha documentación que se descoñece, ó que resposta o Sr. Alcalde manifestando que toda a documentación estivo á súa disposición durante varios días.

Sometida a votación a aprobación das contas Xerais dos anos 1997 e 1998, conforme ó resume que consta anteriormente, votan a favor da aprobación das Contas os seis Srs. Concelleiros integrados no Grupo Municipal do PP, votando en contra os catro Sr. Concelleiros restantes.

Polo tanto o Sr. Alcalde declara que o Pleno do Concello por maioría absoluta aprobou as Contas Xerais dos anos 1997 e 1998 na forma en que están rendidas.

E non habendo máis asuntos que tratar e sen que o Sr. Concelleiro Veloso González se incorporase ó Pleno, polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 21,12 horas, de todo o que eu, o Secretario Habilitado, certifico.